

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE 2º ESO

Ó longo do curso realizaranse tres sesións de avaliacións. **Na cualificación da avaliación terase en conta:**

**A) A media das notas obtidas nos exames** realizado ó longo da avaliación. O número de probas escritas por cada avaliación poderá variar aínda que procurará faranse dúas. A media da nota obtida nos exames **será o 80% da nota total** da avaliación.

**B) O traballo na aula** (participación, atención, actividades, proxectos...) **terá unha valoración do 20%** da nota final da avaliación.

**Na cualificación dos exames valoraranse** non só os **contidos** senón tamén a **corrección formal** (limpeza, marxes, caligrafía, espazos interlineais e entre os parágrafos, sangrías...), a **expresión léxica, gramatical e ortográfica** (as faltas de ortografía serán sancionadas con -0,10 puntos).

Os alumnos que non superasen a avaliación terán un **exame de recuperación** cos mesmos contidos e características que os realizados durante a avaliación. O alumnado que a final de curso teña unha avaliación suspensa con tres (3) ou menos terá unha nova recuperación, pero se unha avaliación está suspensa cun 4 e a media coas outras dúas é de cinco (5) ou máis a materia queda superada. O alumnado que teña dúas ou tres avaliacións suspensas terá un **exame final** dos contidos traballados ó longo do curso.

Considerarase que **un alumno/a supera a materia na avaliación ordinaria de xuño** :

- ◆ Se tren como mínimo unha cualificación de 5 puntos na media das tres avaliacións ou nas recuperacións das mesmas.
- ◆ Se ten unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no exame final (só a realizar polo alumnado que non superase a materia ó longo do curso).

O alumnado que non aprobe a materia na avaliación ordinaria terá que realizar o **exame da convocatoria extraordinaria**. Na avaliación extraordinaria de setembro só se cualificará o exame.

### ADVERTENCIA:

**Se un alumno ou alumna, sen causa debidamente xustificada, non se presenta a un exame, considerarase que declina no seu dereito a ser examinado** da materia e, por tanto, será cualificado cun cero. Poderá examinarse da materia obxecto do exame que non realizou cando se faga un novo exame da mesma (recuperación, final ou convocatoria extraordinaria). **Se o motivo da ausencia ó exame está xustificado de forma oficial, poderá realizar, se é posible, o exame noutra data ou facelo de forma oral por videoconferencia. Se se producise un confinamento total e non puidese pospoñerse o exame, este realizaríase tipo test a través da Aula Virtual.**

**Se un alumno/a, sen causa xustificada, chega tarde a un exame disporá só do tempo que reste para a finalización do mesmo.** E se no exame final de xuño ou no da convocatoria extraordinaria non se presenta á hora establecida, non se lle realizará outro.

**Se unha alumna ou alumno copia por calquera medio** (libro, apuntamentos, *chuletas*, móbil, reloxo...) **ou introduce folios xa escritos nun exame será cualificado cun cero nese exame.** Poderá repetilo cando corresponda (recuperación, final ou na convocatoria extraordinaria).